

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN AMBILAMP, PARA IMPLANTAR MECANISMOS QUE FACILITEN A RECOLLIDA SELECTIVA DE RESIDUOS DE LÁMPADAS NA XERENCIA DE XESTIÓN INTEGRADA DE OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS Á QUE PERTENCEN: O COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE OURENSE (HOSPITAL DE PIÑOR, HOSPITAL SANTA M^a NAI, HOSPITAL MATERNO INFANTIL E HOSPITAL CRISTAL), O HOSPITAL DE VERÍN E O HOSPITAL COMARCAL DE VALDEORRAS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde decidiu coa entidade AMBILAMP formalizar o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue catro anos desde a súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular os dereitos e obrigas das partes en relación á recepción temporal a desenvolver polo Servizo Galego de Saúde e entrega a AMBILAMP dos residuos de lámpadas relacionadas na categoría 5 do Anexo I do Real decreto 110/2015, do 20 de febreiro, sobre residuos de aparatos eléctricos e electrónicos, especificados no Anexo I deste convenio.

Os residuos de lámpadas baixo o ámbito de aplicación deste convenio procederán de xeito exclusivo das instalacións do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, do Hospital de Verín e do Hospital Comarcal de Valdeorras.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

Que na Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras xéranse residuos de lámpadas contidas na categoría 5 do Anexo I do Real Decreto 110/2015, do 20 de febreiro, que deben ser entregados despois a un xestor autorizado para a recollida de residuos eléctricos e electrónicos, como o que dirixe AMBILAMP, para o seu tratamento de acordo coas exixencias sinaladas no devandito real decreto.

Ambas as dúas partes manifestan un interese mutuo en poñer en marcha mecanismos eficientes de recollida selectiva dos residuos de lámpadas que permitan cumprir as obrigas ambientais establecidas na normativa de aparatos eléctricos e electrónicos, para o cal deciden establecer os mecanismos de colaboración que se contemplan neste convenio.

A formalización deste convenio non comporta incremento de gasto para o Servizo Galego de Saúde.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

